

# BANDO

## AMPLIACIÓN DE HORARIO POLO PAMPALLÍN

**D. MANUEL GONZÁLEZ LÓPEZ, ALCALDE DO CONCELLO DE OUTES, FAI SABER:**

Con motivo da celebración da 24ª Edición do Pampallín, acórdase a ampliación de horarios de peche dos establecimentos públicos, segundo o disposto a continuación:

**PRIMEIRO.- Ampliación en dúas horas dos horarios xerais de peche dos establecimentos públicos**, na Serra de Outes, **durante a noite do martes 30 de abril de 2024**.

**SEGUNDO.-** Os establecimentos que se acollan á ampliación horaria con motivo da celebración das festas, **serán aqueles que consten con licenza municipal para actividade de hostalaría** (bares, cafeterías, restaurantes, café-espectáculo, pubs e discotecas), sempre que non se produza alteración nas condicións da mesma.

**A prolongación do horario** permitido de peche **debe respectar, en todo caso**, as condicións de funcionamento legalmente establecidas, tanto na normativa aplicable coma nas correspondentes licenzas de apertura.

**TERCEIRO.-** Os establecimentos que decidan aplicar o horario especial de peche, deberán ter en conta que **entre o peche e a apertura dos establecimentos sempre deberá transcorrer o período mínimo obligatorio de 4 horas**.

*O que se fai público para xeral coñecemento e cumprimento dunha maneira cívica e respectuosa co ben común.*

O Alcalde,  
D. Manuel González López.

DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE

